

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA



XUNTA
DE GALICIA

FARAÓN

Rei de Exipto

Exposición

Museo
Centro
Gaiás
2º andar

27 marzo—
15 agosto,
2021

Exposición organizada
coa colaboración de:

The British
Museum



Fundación "la Caixa"



Xacobeo 2021
Galicia



Faraón: Rei de Exipto

Exposición

Museo Centro Gaiás | 2º andar
27 marzo — 15 agosto 2021

De martes a domingo, de 10 a 20 h
Entrada de balde

***Faraón. Rei de Exipto* explora o simbolismo e o ideario da monarquía exipcia, á vez que tenta desvelar as historias que se ocultan detrás dos obxectos e das imaxes que deixou como herdanza esta antiga civilización. A mostra chega á Cidade da Cultura da man do British Museum e da Fundación "la Caixa" –en colaboración coa Xunta de Galicia e no marco do Xacobeo 2021– con 140 pezas da colección do prestixioso museo británico.**



Figura do deus Amón-Re. Prata sobre dourada. c. 1069-664 a. C. Karnak, Tebas, Exipto © Trustees of the British Museum



A cara humana dos deuses

A través das estatuas e os monumentos, os faraóns construían con esmero as súas identidades, e proxectaban unha imaxe idealizada de si mesmos, ben como guerreiros poderosos, protectores de Exipto contra os seus inimigos, ben como adoradores ferventes dos deuses, intermediarios entre eles e o resto da humanidade. Tras estas representacións da realeza, con todo, a realidade era moito máis complexa. Os gobernantes desta terra non foron sempre homes: a famosa raíña Hatshepsut, por exemplo, rexeu os destinos de Exipto como faraón entre c. 1472 e 1458 a. C., aínda que nos monumentos oficiais aparece representada case sempre como un home. Tampouco eran sempre exipcios, xa que en épocas de inestabilidade política e guerra civil, Exipto foi conquistado por potencias estranxeiras, e gobernado por monarcas que rivalizaban entre si, como os kushitas de Nubia (o norte do

Figura en actitude de xúbilo. Bronce
c. 664-332 a. C. Exipto
© Trustees of the British Museum



actual Sudán), que unha vez donos do país formaron a Dinastía XXV (c. 716-656 a. C.).

Á marxe da súa orixe, ou de que fosen homes ou mulleres, os monarcas exipcios definíanse mediante a adopción de símbolos reais; así, por exemplo, inscribían os seus nomes en cartuchos, ou levaban na fronte o ureo, unha figura de cobra ergueita.

Aínda que algúns faraóns foron obxecto de veneración —como Tutmosis III, que deu a súa máxima extensión ao imperio exipcio, ou Amenhotep I, que tras a súa morte foi adorado como un deus—, outros víronse condenados ao esquecemento. Foi o caso de Akhenaton, causante dun profundo trastorno relixioso ao introducir o culto ao disco solar Atón como único deus nacional.

Estatuas, ourivería e obxectos cotiás

Os obxectos expostos en *Faraón. Rei de Exipto* reflicten a diversidade consustancial á monarquía exipcia. Xunto a impresionantes estatuas, belos relevos en pedra de antigos

templos e ourivería, a exposición tamén presenta obxectos menos habituais: as incrustacións de cores empregadas para decorar o pazo dun faraón, por exemplo, dannos un indicio de como se vivía na corte real; as misivas gravadas en escritura cuneiforme sobre táboas de arxila dan fe da intensa actividade diplomática entre Exipto e Babilonia durante a Dinastía XVIII (c. 1550-1295 a. C.); o arco de madeira dun dos comandantes militares do faraón fálanos do importante que era contar cun exército forte para manter a seguridade das fronteiras do país; un papiro que deixa constancia dun xuízo por roubar nunha tumba, e as imaxes de gobernantes persas, gregos e romanos que actuaron como faraóns, lémbrennos, cada un á súa maneira, os múltiples retos que supuña gobernar, en definitiva, unha das maiores civilizacións que coñeceu o mundo.

Réplica do fragmento da tapa do sarcófago do faraón Rameses VI. Dinastía XX, reinado de Rameses VI, c. 1143-1136 a. C. Tumba de Rameses VI, Val dos Reis, Tebas, Exipto.

Estatua do deus Re-Horakhty. Granito. Dinastía XIX, reinado de Rameses II, c. 1279-1213 a. C. Tell el-Maskhuta, Exipto.

Cabeza do faraón Tutmosis III. Limolita verde. Dinastía XVIII, reinado de Tutmosis III, c. 1479-1457 a. C. Karnak, Tebas, Exipto.

Faraón: Rei de Exipto

Exposición
Museo Centro Gaiás
2º andar

27 marzo—15 agosto 2021

Visitas guiadas:

- De balde
- Con reserva previa
- Programa de visitas por videoconferencia para centros de ensino

Máis información: cidadedacultura.gal



Xacobeo 2021
Galicia



XUNTA
DE GALICIA

Exposición organizada
coa colaboración de:

The British
Museum



Fundación "la Caixa"